

20/2019. ACTA DA SESIÓN ORDINARIA REALIZADA POLO CONCELLO PLENO DE MUGARDOS O DIA 25 DE SETEMBRO DE 2019.

No Salón de Sesións da Casa Consistorial do Concello de Mugar dos, sendo as dezanove horas e trinta minutos do día vinte e cinco de setembro do ano dous mil dezanove, previa convocatoria e citación ó efecto, reúnese o Concello Pleno en sesión ordinaria e primeira convocatoria, baixo a presidencia da alcaldesa-presidenta Dna. María del Pilar Díaz Otero, con asistencia das/dos concelleiras/os D. Iván Martínez González, Dna. María Dolores González Lorenzo, D. Genaro Prieto Iglesias, D. José Ángel Martínez Bardanca, Dna. Marta Ruiz del Ganso, D. Ignacio Fernández Fernández, D. Juan Domingo de Deus Fonticoba, Dna. Ana María Varela Bastida, D. José Miguel Mahía Prados, Dna. Begoña Roldós Iglesias, D. Jorge Manuel Kuntz Peiteado e D. Argemino Varela Filgueiras. Asiste tamén a interventora municipal, Dna. Ana María Gómez Peña.

Actúa como secretario o que o é da Corporación, D. Rafael Bermúdez Iglesias.

Aberta a sesión pola Presidencia, éntrase no estudo e discusión dos asuntos incluídos na orde do día, adoptándose os seguintes acordos:

1.- CAMBIO DE USO DOTACIONAL NO ENTORNO DO COLEXIO LOYOLA, RÚA CURROS ENRÍQUEZ, EN PARCELA DE EQUIPAMENTO DOTACIONAL PARA EQUIPAMENTO DOTACIONAL DE APARCADOIRO PÚBLICO.

Rematadas as intervencións, sométese o asunto a votación, e o Concello Pleno, tendo en conta o informe técnico da arquitecta do Concello de data 28.08.2019, e do secretario da corporación de data 17.09.2019, existentes no expediente, así como o ditame da Comisión Informativa de Urbanismo, Rehabilitación e Mobilidade realizada en data 19.09.2019, por 12 votos a favor (4 EU-SON-EN COMÚN, 3 PSOE, 5 PP) e 1 abstención (1 BNG) e polo tanto, co quórum da maioría absoluta legal dos membros da Corporación que esixe o artigo 42.5 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, acorda:

Primeiro.- Prestar aprobación ao citado documento e, en consecuencia, suprimir a adscripción para uso dotacional de equipamento público das parcelas de referencias catastrais: 0821802NJ6102S e 0821803NJ6102S, sitas na rúa Curros Enríquez, cualificadas como Solo Urbano dotacional de equipamento (SUDE), autorizándose, polo tanto, o uso dotacional de aparcadoiro público (SUDE de aparcadoiro público), mantendo en todo caso a titularidade pública.

Segundo.- Que se proceda á publicación do presente acordo no D.O.G. e no B.O.P. con indicación dos recursos procedentes.

DELIBERACIÓNS

Sra. Alcaldesa: O primeiro punto da orde do día sería o cambio de uso dotacional no entorno do colexio Loyola, Rúa Curros Enríquez, en parcela de equipamento dotacional para equipamento dotacional de aparcadoiro público.

Vén ditaminada a sesión extraordinaria urxente da comisión informativa de urbanismo, rehabilitación e mobilidade, celebrada o día 19 de setembro do dous mil dezanove cos votos a favor de (2 EU-SON-EN COMÚN) (1 do PSOE), (1 abstención do BNG) e (2 reservas de voto para o pleno do PP). Abrimos un primeiro turno de intervencións. Eh..Mahía.

Sr. Mahía Prados: Boas tardes eh.. veciños e veciñas, srs. concelleiros, pleno, bueno este cambio de uso dotacional do entorno do Colexio Loyola eh.. vou explicar un pouco de, de onde vén, é un unha parcela que está ao carón practicamente da escola e, pois, como ben se di para facer un aparcamento público. Esta obra eh.. ía incluída no POS PLUS, que é un programa de subvencións que fai a Deputación da Coruña, e decaeu desas propostas que había, porque non se había feito previamente este trámite, entón esta obra se cría que se podía facer e non se podía facer, porque unha vez máis levouse o expediente sen os informes correspondentes que acreditaban que se podía facer dita inversión. Neste primeiro turno teño dúas, bueno si, dúas preguntas nada máis, e unha sería quen acometería a obra de en cargo e a que partida, fondos se levaría a cabo esta obra no, na zona do Loyola, en cargo de, se fora de outras administracións pois cales serían.

Sra. Alcaldesa: Bueno, antes de abrir un segundo turno de intervencións, o primeiro que temos que aclarar que este cambio de uso dotacional si se aproba no día de hoxe é imprescindible para poder realizar esa obra, sen ese cambio de uso sería imposible realizar esa obra e no ano, neste mesmo ano, xa en 2019 presentouse unha subvención da Xunta de Galicia, finalmente decaeu por non acadar a puntuación necesaria, e de non ser así, como ben dicía o Concelleiro do Partido Popular, si nese momento se propuxo nunha das achegas ao Plan de Obras e Servizos da Deputación Provincial da Coruña, en todo caso, o que estamos a debater hoxe é o cambio de uso dotacional para que poida ser viable a execución do proxecto, polo tanto, solventar o tan demandando conflito que temos de aparcadoiro e que temos de tráfico no Colexio Loyola, tal e como se puxo de manifesto en varios consellos escolares municipais. Abrimos un segundo turno.

Sr. Mahía Prados: Si, ... ben, por que digo isto e por que fago estas preguntas. Nós, obviamente estamos a favor de que se faga ese aparcadoiro o carón do Colexio Loyola, dixémolo cando foi a comisión do POS e cando se presentaron diversas propostas, parécenos unha obra que... sobre todo porque nós pedimos amañar problemas de cambios de sentido, bueno propuxemos cambios de sentido nese, nese entorno do Colexio, incluso que houbera membros da Policía Local para regular a entrada e saída do tráfico, non, en horario escolar, entón todo o que sexa pa solucionar un problema que existe como é o problema de aparcamento alí no Loyola, nós vémolos viable, nós imos a votar a favor de este, de este cambio de uso, e por iso preguntaba todo o anterior, queremos que conste en acta, porque se decaeu da subvención da Xunta e non vai entrar dentro do POS, vai haber que facer unha aportación de fondos públicos e quero recordarlle que vostede non ten un plan económico financeiro e que non ten os acordos de non dispoñibilidade de crédito, polo tanto non se vai poder aprobar unha modificación orzamentaria para facer ditas obras, así que aproveito este

punto para dicirlle que por favor faga os acordos de non dispoñibilidade e o PEF, para poder acometer estas obras que son importantes para, para o entorno do colexio Loyola, referente a este punto, como dixen, ten o voto deste grupo, a favor.

Sra. Alcaldesa: Ben, se non hai máis intervencións, entón sometémolo a votación, eh...votos a favor, abstencións... Pasaríamos ao seguinte punto da orde do día.

2.- DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA NÚMS.:

-902/2019: MODIFICACIÓN DA HORA DE CELEBRACIÓN DAS SESIÓNS ORDINARIAS DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL

-930/2019: DELEGACIÓN DE FUNCIÓNS DA ALCALDÍA NO 1º TENENTE DE ALCALDE.

Sra. Alcaldesa: O seguinte punto: dar conta das resolucións da alcaldía núms.: 902/2019: Modificación da hora de celebración das sesións ordinarias da Xunta de Goberno Local e a núm: 930/2019: Delegación de funcións da alcaldía no 1º tenente de alcalde.

O Pleno da Corporación dáse por informado das resolucións da alcaldía que de seguido se relacionan:

▪ **Resolución da alcaldía núm. 902/2019, de 27.08.2019**, sobre modificación da hora de celebración das sesións ordinarias da Xunta de Goberno Local.

▪ **Resolución da alcaldía núm. 930/2019, de 31.08.2019**, sobre delegación de funcións da Alcaldía no 1º Tenente de Alcalde.

3.- DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS DITADAS POLA ALCALDÍA DENDE O ANTERIOR PLENO ORDINARIO: RESOLUCIÓNS NÚM. 890/2019 Á 1007/2019, AMBAS INCLUSIVE.

Sra. Alcaldesa: Pasaríamos ao punto 3.- Dar conta das resolucións ditadas pola alcaldía dende o anterior pleno ordinario: Resolucións núm. 890/2019 á 1007/2019, ambas inclusive.

O Pleno da Corporación dáse por informado das Resolucións da Alcaldía núms. 890/2019 á 1007/2019, ambas as dúas inclusive, ditadas pola alcaldía dende o anterior pleno ordinario.

DELIBERACIÓNS

Sr. Mahía Prados: Si, simplemente solicitar que as resolucións de Alcaldía 907, 908, 927, 931, 936 e 937, que corresponden a levantamentos de reparo suspensivo de facturas deste Concello, eh... así como os informes de eses, de eses reparos, por favor se leven a vindeira comisión de, de Facenda. Grazas.

DECLARACIÓN DE URXENCIA:

A-MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR SOBRE A FALLA DE MATERIAL DO GES DE MUGARDOS.

Sra. Alcaldesa: Ben, antes de entrar en rogos e preguntas, algo pola vía de urxencia? Partido Popular..

Sr. De Deus Fonticoba: (que traducido di) Bueno, boas tardes, vamos a presentar unha moción de urxencia, e a urxencia vén motivada en función do material que se lle debe asignar ao GES de Mugardos, o grupo de emerxencias, dadas as últimas novas que se coñeceron estes días, e son as manifestacións do propio grupo de emerxencias de que carecen de medios suficientes para, bueno para acometer a retirada dos niños de velutina, e que entendendo que é un tema de saúde pública, en certa medida de competencia municipal, pois, parécenos importante falar este asunto coa máxima celeridade.

Sra. Alcaldesa: Abrimos un, un turno, en primeiro, de intervencións, sobre a urxencia da moción. Eh... José Angel.

Sr. Martínez Bardanca: (que traducido di) Bueno, a min paréceme ben a moción de urxencia, o que pasa e que a urxencia se cadra houbera sido antes, non, eu quería comentar que ..., a parte dos traxes de velutina que efectivamente fai un ano que están traballando con, unicamente con un traxe para, para velutina, os GES de Mugardos eh... teñen máis necesidades que, que esas, teñen, e...teñen, dous membros do GES, que non teñen careta para contraincendios dende fai máis de dous anos, nunca tiveron traxe para a choiva, e por exemplo, hai dous GES, dous membros do GES que empezaron a traballar fai, eh.. bueno no mes de maio, en maio, que no, non teñen nin tiveron nunca os traxes para, para a loita contraincendios, entón para o PP o culpable deste motivo ata hoxe, onte saíu ou antes de onte saíu nas redes sociais que os GES non tiñan, non tiñan traxes para velutinas, que ían deixar de facer este traballo, dende que deixaron de facer este traballo ata hoxe a mediodía unicamente tiñan un aviso para retirar velutinas, entón cremos que non é, eu penso que non é un, un motivo de tal urxencia, en breve si é posible, entregaránse os traxes, estamos esperando a que os mande a Xunta de Galicia o Concello.

Sra. Alcaldesa: Si

Sr. De Deus Fonticoba: (que traducido di) Estamos no segundo turno ou como é?

Sra. Alcaldesa: Perdón, turno de réplica.

Sr. De Deus Fonticoba: (que traducido di) Bueno, en todo caso, eh.. a ver, eu estou un pouco, a verdade teño que recoñecer que estou un pouco, un pouco cao pola resposta que me dou, teño que recoñecer que vostede recoñece que é urxente, que non é urxente, pero recoñece as necesidades urxentes que ten o GES, o cal non deixa de ser un contrasentido.

Están vostedes esperando a que a Xunta lle dea os traxes, poden seguir esperando anos e anos a que a Xunta lle dea, é unha competencia municipal, e polo tanto é quen ten que poñer os traxes, outra cuestión moi distinta é que nós nos acolleramos a unha liña de axudas no seu momento, e nos deran os traxes, era no goberno que tivemos nós, pero iso non quita que iso sexa a, a nota de que a Xunta nos solucione todos os problemas, o servizo é municipal, e polo tanto os servizos de traxes, os equipamentos e EPIS corresponden ao Concello de Mugaros, de todas as maneiras a propia nota dos propios GES dinos que levaban máis de cinco meses, e dicir, vostedes levan 3 no goberno, e en ningunha comisión de servizo, nin ningunha comisión de vostedes trouxeron ningunha problemática de este tipo, polo tanto, para estar vostede tan enterado coa problemática do GES, non sei que fixo nestes tres meses que leva vostede no goberno, porque dende logo as comisións veñen valeiras de contido, o cal rogaríamos que se puxeran a traballar, en todo caso, esta é unha cuestión que non só incumbe a problemática dos EPIS dos propios GES, incumbe á problemática de que haxa un niño nun colexio público ou, ou en calquera outro sitio e que evidentemente esas vespas piquen, coas consecuencias que pode ter para unha persoa alérxica, sabemos o que conleva unha picadura de unha velutina, porque vémolos na prensa os efectos que pode causar, e eu, non, non quixeramos estar inmersos en calquera tipo de cuestión á que despois nos tiveramos que sumar todos en unha, en, en un acontecemento que deberíamos lamentar a posteriori, o único que dicimos é que, independentemente dos EPIS ou dos traxes que hai que dotar, á propia, aos propios GES, é evidente que o da velutina é urxente, é urxente porque desgraciadamente a velutina, eh... a extensión da velutina non só é no período de verán, tamén se está estendendo en, na cuestión do de raíñas, polo tanto eu creo que é unha moción que vai dirixida, en todo caso, a protexer aos máis desfavorecidos por esa cuestión, a protexer esa cuestión, e a protexer que as picaduras causen efectos que ninguén desexa, polo tanto, e por iso o que instamos a este acordo, instar ao goberno a convocar unha sesión extraordinaria urxente da comisión de Facenda e Persoal con un único punto da orde do día, a maiores da ratificación da urxencia, no que se aborde a situación do servizo do GES de Mugaros. Si vostede quere acometer e aproveitar esa reunión para dotar máis de contido respecto das medidas que vaian a efectos de.... solucionar esas carencias do GES, conte coa nosa axuda, aquí estamos para, para esas cuestións, e pode aproveitar tamén para actualizar a ordenanza, que levan case dous anos pola comisión, por certo, presidida polo Partido Socialista, que queda aínda sen desenrolar a ordenanza do GES, cuestión que tamén debería ser prioritaria para vostedes.

Sra. Alcaldesa: (que traducido di) Ben, unha vez finalizado o turno de intervencións, sometémolo a votación: votos a favor ...ah, pediches a palabra?

Sr. Varela Filgueira: No, non pedín, porque ese era o turno de réplica do primeiro turno, entón...

Sra. Alcaldesa: 2º turno.

Sr. Varela Filgueira: Bueno, nós simplemente dicir que, porque ademais eu creo que hai que votar unha urxencia, entón nós dicir que en principio non nos vamos opoñer a urxencia, máis que nada porque incluso o propio goberno acaba de recoñecer que lle parece ben a moción, o que si é certo e que nós tamén entendemos que levalo a cabo nunha sesión

extraordinaria e urxente tan só para isto, cremos que debíamos discutir a problemática do GES a fondo, e igual o bo era levalo a unha comisión ordinaria de Facenda, porque si nos dedicamos a facer comisións extraordinarias e urxentes, despois cando chega a comisión de Facenda do mes, non temos con que encher, entón igual é mellor metela na, na ordinaria.

Sr. De Deus Fonticoba: (que traducido di) Bueno, pois atendendo ó que acaba de dicir o voceiro do BNG, parécenos correcta esa, esa, bueno é máis ben unha emenda non, ou podería selo, para que se leve á ordinaria que corresponda, e se encha de contido respecto ao servizo do GES nun punto da orde do día, pois para que podamos, entre todos, pois intentar mellorar ese servizo.

Sra. Alcaldesa: (que traducido di) Agora si, non, agora vamos a someter a votación, votos a favor da urxencia, abstencións..

Logo de efectuar a exposición dos motivos que xustifican a votación da urxencia do asunto citado, o Pleno da Corporación, **ACORDA:**

Por 10 votos a vavor (4 EU-SON-EN COMÚN, 5 PP E 1 BNG) e 3 abstencións (3 PSOE) e, polo tanto, co quorum esixido no artigo 57.2 do Regulamento Orgánico Municipal, declarar de urxencia o asunto: **“MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR SOBRE A FALLA DE MATERIAL DO GES DE MUGARDOS”**, incluílo na orde do día, e tratalo antes de rogos e preguntas, como punto núm. 4.

4.-MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR SOBRE A FALLA DE MATERIAL DO GES DE MUGARDOS.

Tras deliberación, sométese a votación a moción presentada polo grupo municipal do Partido Popular, coa a emenda do BNG, sobre a falla de material do GES de Mugardos, e o Concello Pleno, por unanimidade, acorda prestar aprobación á moción e, en consecuencia, adoptar o seguinte acordo:

1.- Instar ao goberno que na vindeira comisión ordinaria de Facenda que se celebre -o día 10 de outubro-, se inclúa un punto da orde do día no que se aborde a situación do servizo do GES de Mugardos.

DELIBERACIÓN

Sra. Alcaldesa: (que traducido di) Ben, agora o primeiro turno para exposición da moción.

Sr. De Deus Fonticoba: (que traducido di) No, non vou a reiterar nada...

Sra. Alcaldesa: Queda admitida, queda admitida entón a emenda do BNG. Bueno, entón sería instar ao goberno, non vai convocar unha sesión, senón nunha primeira sesión ordinaria que se celebre, que está datada para o día 10 de outubro, un punto da orde do día, non, vale, acabo de, da situación do servizo do GES de Mugardos. Ben, pois dito isto

entón pasamos, hai que votala, sometémola a votación entón, votos a favor, abstencións, votos entón a favor recollendo o texto coa emenda de Gemi, que se incorpore como punto na orde do día na primeira comisión ordinaria da comisión de Facenda que se celebre o día 10 de outubro. Ben, entón sometemos á votación o acordo, votos a favor, e pasaríamos o seguinte punto da orde de día que é:

5.- ROGOS E PREGUNTAS.

Sra. Alcaldesa: Punto 5.- Rogos e preguntas. Gemi..

Sr. Varela Filgueiras: Si, bueno, eu teño e.. unha pregunta e un rogo, e a pregunta é que había convocada unha xuntanza entre o goberno municipal, a Asociación veciñal “O Cruceiro de Mehá” e representantes da empresa “Forestal do Atlántico” que no seu momento adiouse, pero parece ser, bueno eu e, as noticias que teño, xa se ten celebrado, entón quería saber se se me pode explicar, que foi o que se tratou nesa xuntanza, e cales son as conclusións ou acordos que se adoptaron? Eh.. non sei se fago o rogo agora?

Sra. Alcaldesa: (que traducido di) Contéstоче

Sr. Varela Filgueiras: Contéstasme? Despois sigo.

Sra. Alcaldesa: Bueno a xuntanza é a continuidade a que se realizou xa en agosto, coa Dirección Xeral de Calidade Ambiental na que tamén asistiron representantes da plataforma de veciños. O obxectivo era, era emprazar a Forestal do Atlántico igual que se emprazou á Directora Xeral de Calidade Ambiental, para que tome medidas dunha continuidade dos cheiros que se están a producir durante estes últimos meses, a conclusión da reunión foi a colocación dunhas válvulas nos depósitos, ten presentado unha solicitude Forestal na que ten que aínda achegar documentación para que poda ser informada polos servizos técnicos, a colocación de dous medidores e unha que se uniu o depósito, en concreto que expuxo a plataforma, todo isto coa revisión do cronograma para que se fagan estas actuacións e unha reunión a mediados de outubro.

Sr. Varela Filgueiras: Vai haber unha reunión máis?

Sra. Alcaldesa: A mediados de outubro para, bueno, pois un pouco facer a plataforma seguimento dos, dos acordos adoptados e os resultados dos acordos.

Sr. Varela Filgueiras: Ben, o, o rogo que tiña e máis que nada para o Partido Socialista, porque na Xuntanza de Voceiros como se debateu o Regulamento Orgánico de Funcionamento de que se ía aplicar, e parece ser que é o que se está a facer, que se está aplicando tal como se debe facer, por outra parte, pero nunha pregunta que fixo o voceiro neste caso do Partido Popular, e fixoa aplicando na súa totalidade e cumprindo incluso o das asignacións aos grupos políticos, e é certo que a resposta da alcaldesa foi que as asignacións aos grupos políticos son decisión plenaria, pero tamén é certo que a resposta do voceiro do Partido Socialista foi que se presentaran propostas para adaptar o regulamento á realidade,

entón eu rogaría que nos aclare o Partido Socialista si vai e... aceptar todas as propostas, incluso as das dedicacións e asignacións, porque o BNG ten feito unha, que a fixo xusto na Xuntanza de Voceiros, e se lle rexeitou en tres minutos, entón quixera que me aclarara, que é o meu rogo, si, si están dispostos a aceptar todo tipo de propostas para o regulamento.

Sra. Alcaldesa: José Angel..

Sr. Martínez Bardanca: (que traducido di) Ben, en principio, si se fai unha proposta, pois terá que, que debaterse e votarse, si todo mundo está de acordo, a maioría está de acordo, pois estudárase, eu creo que así é a democracia, entón é o que entendo que debemos facer, se se quere facer algunha proposta, pois fágase.

Sra. Alcaldesa: Domingo, ah.. perdón.

Sr. Varela Filgueiras: Bueno, en todo caso e que, como dixen antes, o BNG fixo unha proposta tanto para comisións como para adicacións, que entendo, entendo polo tempo que lle levou a.. o goberno nese momento na Xunta de Voceiros, entendo que non se estudou, porque eu creo que en tres minutos non dou tempo a estudiarse, creo que estaba tomada de antemán a decisión, non me parece mal porque é a decisión dun goberno, pero bueno, entón que se nos diga, porque entendo que si de verdade se van a, a... contemplar as propostas que podamos facer os grupos políticos, creo que hai que dedicarlle un tempo e un debate nas distintas comisións.

Sra. Alcaldesa: José Angel.

Sr. Martínez Bardanca: (que traducido di) Vale, pois estamos de acordo.

Sra. Alcaldesa: Begoña..

Sra. Roldós Iglesias: (que traducido di) Boas tardes a todos e a todas. Teño dúas preguntas de resposta oral e dúas de resposta escrita, que veñen xa do pleno anterior, porque ata data de, de redacción das preguntas non se habían contestado, e teño un rogo, que o deixo pa o final. A primeira de resposta oral á Alcaldesa: Nas pasadas comisións de, perdón, de Cultura e de Facenda presentamos a proposta da sinatura dun convenio por 10.000 euros coa entidade Pulpeiros BTT, que de feito ía vir como moción a este Pleno, pero o seu goberno decidiu que non viñera, por precisamente, porque van a cumprir o regulamento, que a veces non se cumpre. Ten pensado un convenio de esta contía con dita entidade? A segunda pregunta tamén é a Alcaldesa: Cando teñen previsto respondernos ás preguntas do pleno anterior? E a resposta, as de resposta escrita, á primeira a Concelleira de Cultura, Dolores González: Despois de levar practicamente un ano esperando pola convocatoria da comisión sobre o regulamento da escola de música. Cal é o motivo polo que non se quere abordar este tema? E a segunda ao Concelleiro de Benestar, Genaro Prieto: Cal é o motivo polo que non sacan a concurso a empresa que presta as horas de SAF? Fago o rogo despois.

Sra. Alcaldesa: Si. Vale. En primeiro lugar, na parte que me corresponde a min, pedir desculpas polo incumprimento do regulamento en canto as resposta e o prazo para resposta presentadas no Pleno de forma escrita, e en todo caso, a resposta en Pleno ás preguntas, de que a tedes aínda que non a coñezades, porque de feito hai unha dilixencia de constatación da notificadora no día de, de hoxe, das que foron contestadas no día de hoxe, para entregar no día de hoxe, e non as podíades recoller, en todo caso xa digo, este...

Sra. Roldós Iglesias: (que traducido di) Pero que é apurar un pouquiño os, os prazos, non, porque segundo o regulamento si é día naturais, vencía o día 17 é se son días hábiles vencía hoxe.

Sra. Alcaldesa: O acabo de dicir, ben, en todo caso, as tedes respostadas, se non as recolledes hoxe as recolleredes mañá, e en canto a primeira pregunta o primeiro que me sorprende é que a proposta non veña presentada pola propia entidade, non sei se o Partido Popular é o mandatado de Pulpeiros BTT para presentar a proposta do convenio?

Sra. Roldós Iglesias: (que traducido di) Non, nós non somos mandados nin enviados de ninguén, é máis, parécenos que o recoñeceu varias entidades, incluso os GES, a labor que se fixera co incendio de, de Montefaro, e ou sexa, a nos chámanos a atención que, que nos diga agora iso a Alcaldesa, cando vostede en 2007 entrevistada en Onda Cero dicía que que se tiña que poñer tramos de enduro urbano para que a xente se levase o enduro a rúa, o sexa que, nós non somos mandatarios de ninguén, o era vostede nese momento, no ano 2017?

Sra. Alcaldesa: No, pero cando se solicita un convenio ou se asina un convenio faise por demanda da propia entidade, e en todo caso, eh... si hai un cambio de opinión do Partido Popular con respecto a sinatura dos convenios, da que tiña na anterior Corporación, pois, benvidos, e ... se debaterá, porque acaba de recoñecer o seu compañeiro de partido, que xa non se podía incrementar as modificacións durante este ano, é obvio que a sinatura desde novo convenio significaría unha modificación de crédito que tería que vir ao Pleno, pero bueno, debaterase na Comisión de Cultura.

Sra. Roldós Iglesias: (que traducido di) Pero poden presentar presupostos non, que aínda están a tempo? presupostos novos nos que se contemplan,,

Sra. Alcaldesa: Para este ano?

Sra. Roldós Iglesias: (que traducido di) Para cando o teñan, ah, ben, xa.

Sra. Alcaldesa: O rogo...

Sra. Roldós Iglesias: (que traducido di) O rogo, si, eh..., bueno, en varios Plenos anteriores solicitamos que se levasen expedientes ás comisións de Benestar, de Cultura, vostede como Alcaldesa dou o OK, e díxonos que si, que se leve ás comisións, pero logo o certo é que, en concreto á comisión de benestar levamos tres comisións que non se nos trouxo

o expediente sancionador do comedor nin outros expedientes que solicitamos ao Pleno que vostede si nos dou o OK e visto bo para que se leve, entón rogo que o que se nos da aquí o si, que non se nos negue logo nas comisións.

Sra. Alcaldesa: A Alcaldesa convocará unha comisión extraordinaria de Benestar e levará o que se pediu.

Sra. Roldós Iglesias: Vale

Sra. Alcaldesa: Ana María Varela Bastida..

Sra. Varela Bastida: (que traducido di): Bueno, eh... as dúas preguntas de resposta oral son: Ao Presidente da Comisión de Benestar, Genaro Prieto: Cal é a ratio aconsellable de nenos/monitor para o comedor escolar? Ao Concelleiro de Goberno, Iván Martínez: Despois de dous plenos sen saber dicirnos cales son as súas funcións no goberno municipal. Diranos neste pleno que funcións desempeña no seno do goberno local? As de resposta escrita: Ao Presidente da Comisión de Benestar, Genaro Prieto, ou a quen corresponda: Ten previsto realizar dende a súa área algunha labor de formación en materia de violencia de xénero en colaboración con centros educativos? Ao Concelleiro de Obras e Suministros, que non sabemos quen é, polo cal lla dirixo a Alcaldesa de Mugardos, María del Pilar Díaz Otero: Que cal é o motivo de non repoñer o suministro de alumeadado público en San Vitorio despois de telo solicitado en repetidas ocasións?.

Sra. Alcaldesa: Ten a palabra Genaro.

Sr. Prieto Iglesias: Si, cumprindo o Real Decreto da Xunta de Galicia.

Sra. Varela Bastida: (que traducido di) E cal é ese ratio de nenos/monitores?

Sr. Prieto Iglesias: O que marca o Decreto.

Sra. Alcaldesa: Eh...Iván..

Sr. Martínez González: Si, boas tardes, pois ten vostede a contestación á pregunta fai dous plenos.

Sra. Varela Bastida: (que traducido di) E que son cousas Iván, que preguntan os veciños, o que non pode ser e que me pregunten os veciños e teña que dicir, pois non sei o que fai, eu sei que se senta nas, nas comisións, sei que se senta nos plenos, non abre a boca, non sei o que di, non sei o que fai, o único que teño claro é que por sentarse na cadeira, cobra.

Sr. Martínez González: Se refiere a vostede, entendo, porque polo Concello non(non audible)

Sra. Varela Bastida: (que traducido di) non me chamo Iván.

Sr. Kuntz Peiteado: (que traducido di) Boas tardes a todas e todos, bueno eu teño dúas preguntas de resposta oral e., perdón, e dúas de resposta escrita. Dúas de resposta oral son: Ao Concelleiro, ao Concelleiro delegado de Persoal, que cal é a razón pola que non se dotou ao GES do material necesario para combater a vespa asiática, a velutina? E a segunda ao Concelleiro de Facenda Ignacio Fernández, perdón, si ten pensado o seu goberno realizar actividades xeradoras de emprego ou adherirse a algunha delas como as que existen de obradoiros da Xunta? E logo da resposta escrita, ambas a Alcaldesa: Aparte da liquidación e dos contratos que vulnera a lei tal e como denuncia a interventora no seu informe sobre a conta xeral: Que máis ten gardado no caixón de costas á corporación? E agora tamén a Alcaldesa: A SGAE presentou unha reclamación contra o concello de Mugardos o día 14 de agosto: Cal é a, que ten pensado facer?

Sra. Alcaldesa: José Angel...

Sr. Martínez Bardanca: (que traducido di) Perdón, Xa o comentamos antes, o da vespa asiática, sería o mesmo, non soamente é o da vespa asiática e os problemas que ten o GES, como comentaba antes, e bueno e nos tamén podíamos, a resposta pódena dar con dúas, con dúas preguntas: unha sería, unha pregunta a interventora que sería preguntarlle, eh... en concreto pois eh... si, si se considera que a roupa, a roupa e os EPIS do persoal do Ges é unha subministración, e.. si isto é así, se se considera e resposta sería si, e preguntar ao Secretario si coas delegacións que ten agora mesmo o Partido Socialista pode realizar compra de subministracións, entón en ese caso a pregunta sería non. Entón, a partir de aí, eh... pois tal vez esta pregunta non sería eu a persoa que debería contestar, non, nós chegamos a un acordo de goberno, no cal pois teríamos unhas serie de competencias, e bueno, isto pode ser que sexa unha limitación a estas competencias, así que tería que ser a Alcaldesa a que tería que contestar a esta, a esta pregunta, por outra parte dicir que a pesar de esta, estes dous contratemos que temos a hora de realizar contratos, si que fixemos as xestións que temos que facer para que se volva outra vez a recuperar esa roupa, como dicía antes o voceiro do Partido Popular, esa roupa efectivamente eles chegaron a un acordo coa Xunta, no cal bueno pois eh.. puideron ir a, para conseguir esa roupa a Santiago, á Xunta, dicirlle que nos estamos, fixemos unhas xestións para que pois se poida volver outra vez a Xunta a entregar esa roupa aos GES, e así o vai a facer, claro, simplemente estamos pendentes de que o faga, non, de que se entregue esa roupa, iso en canto ao traxe da velutina que o que me pregunta, pero bueno como lle dicía hai máis, máis roupas e máis EPIS que están en proceso de compra, xa, si que é urxente tratar o tema dos GES pero bueno, en xeral, non soamente de, de si teñen traxe para quitar a velutina ou si a velutina vai picar a un neno, bueno esas son cousas un pouco así, máis ben froito de, do facebook máis que da vida real, non, e logo quería dicir tamén outra cousa en relación a isto, e é que, eu creo que os, pensar que os GES van deixar de retirar niños de velutinas cando son perigosos, todo iso, me parece que é un pouco pensar que son un pouco irresponsables e eu pódovos dicir que non son nada irresponsables, e que eles deixaron agora, neste momento, de retirar niños de velutinas, porque saben que practicamente non hai niños de velutinas, de feito nestes tres días recibiron un aviso, de, de velutinas, non son uns irresponsables que deixen de facer o seu traballo.

Sra. Alcaldesa: (que traducido di) Si, vale, á segunda a quen teña a competencia municipal de Emprego, que tena a Alcaldesa e empezando polo tema do obradoiro de emprego, desde fai xa anos o Concello ten unha colaboración estable con varios concellos da comarca, normalmente con Fene, Cabañas, Ares e Neda, e na que Mugardos foi sede de varios de estes obradoiros, de feito o obradoiro correspondente a este ano solicitouno Mugardos outra vez en nome de todos eles, e está, como creo que todo mundo sabe, participando do obradoiro de menores, que ten a súa sede en Fene, dígoo porque como cito expresamente ese, esa cuestión, pois é obvio que Mugardos está participando dende fai anos xa nas solicitudes de obradoiros de emprego e na participación con outros concellos da comarca.

Eh... Juan Domingo...

Sr. De Deus Fonticoba: (que traducido di) Si. Bueno dúas preguntas de resposta oral e dúas de resposta escrita, as dúas para a Sra. Alcaldesa. A Primeira é quen é o concelleiro delegado de Obras e Subministracións? Quixeramos que nolo aclararan porque eh... non o temos claro, sinceramente, e a segunda, a segunda cuestión é referente de que tras a nova de que Portos de Galicia realizará unha inversión de 13.000 € para garantir a seguridade do paseo de madeira. Cando acometerá o goberno local as obras de mellora? E as de resposta escrita son: Que valoración fai da cesión por parte da Xunta de Galicia da motobomba ao, ao GES, a pesar dos seus propios esforzos en querer perdela non cumprindo cos trámites previos para tela en propiedade? E a última é si ten previsto realizar un plan municipal contraincendios? E dous rogos, vounos dicir rápido, o primeiro é para o Sr. Iván, de Esquerda Unida, é que si vostedes realmente queren que a xente que traballa participe nos plenos non ten máis que, e nas comisións, non ten máis que convocar as comisións polas tardes, así de sinxelo, si vostedes as convocan cando traballa a xente, non podemos vir. E a segunda, eh... pois para José Angel, simplemente recordarlle que eh... as cuestións do GES, vostede votou agora en contra da urxencia, pero eu rogaríalle que, dado o interese que acaba de suscitar agora e a urxencia que teñen os asuntos eh..., encha de competencias as súas comisións.

Sra. Alcaldesa: (que traducido di) Vale, en canto á primeira non hai cambio nas delegacións establecidas e en canto a segunda, Portos de Galicia non acabou de executar as obras contratadas por eles mesmos a día de hoxe.

Sr. de Deus Fonticoba: (que traducido di) A Primeira pregunta....

Sra. Alcaldesa: (que traducido di) que non hai cambio nas delegacións efectuadas, e en canto a segunda, eh... Portos de Galicia non acabou aínda de executar a obra que ten contratada. Bueno, pois levántase a.... Ah, Miguel, xa te quería deixar.

Sr. Mahía Prados: A ver que me portei ben, Alcaldesa, non me levante a sesión que non era..., bueno, a verdade tiña, tiña soamente un rogo que era, pedir, pedín na comisión referente ao cambio de, de peralte, na Eira, e tal, rogaría por favor se tivera en conta, o que se dixo na comisión, pero bueno, visto todas as series de declaracións que se fixeron, vou a aproveitar os tres minutos que me da o regulamento para facer rogos, antes de facer as dúas preguntas. Eh.. Referente o que di vostede, Sra. Alcaldesa, da sinatura do convenio de 10.000

€, e de que non tería os fondos, e como lle respostou a miña compañeira, obviamente para este ano non sería, sería para o ano que vén, e para o ano que vén, segundo dixo o seu presidente da comisión de, de Facenda, ten previsto presentar orzamentos, pois sería unha proposta do partido a ter en conta, e referente a..., teño aquí apuntado, as delegacións que, palabras do concelleiro de, delegado, referente a que se fixeron unhas cousas, se firmou unhas cousas no acordo do goberno, agora non se cumpre nin se deixa de cumprir, quen firma, quen non firma, mire, solo hai que ver a acta de, da última xuntanza de Goberno que tiveron, 3 meses de goberno e unha soa xuntanza para asistir a alcaldesa a unha reunión, a unha xunta de goberno que é o máximo órgano responsable dentro da organización dun Concello, e tiveron unha en tres meses, creo que é para facerse mirar o tema de, xa non falo do, da escasa información que se trae nas comisións de Facenda, pero si que rogaría, por favor, un pouquiño máis de traballo neste sentido.

Fala vostede, e isto si que me preocupa moitísimo non, das declaración do GES. O GES, e vou ler textualmente o que din na súa publicación: “Dende hoxe ata nova data deixaremos de retirar niños de vespa velutina, debido a falla de material protección necesaria para cubrir ese servizo coas mínimas condicións de seguridade”, dino os traballadores, nós, vaia por diante que, nunca poñeremos en dúbida a profesionalidade do GES, máis que nada porque o concelleiro que teño aquí sentado, que foi Alcalde, foi o que permitiu que o GES seguira aquí, en Mugardos, máis compromiso que nós creo que non pode ter ninguén, entón que vostede diga aquí que os traballadores van deixar de retirar os niños por, pois porque non cumpre a súa....., nós iso non o compartimos, agardaremos á vindeira comisión para esclarecer o, o tema.

Eh...por último, que isto si que é algo que, que me tocou a fibra, é referente as declaracións que fixo o concelleiro de Esquerda Unida, Iván, eh.. todos os meus compañeiros e eu mesmo falamos en todas as comisións, presentamos rogos, presentamos preguntas a todos os plenos, presentamos mocións, debatemos e traballamos polo noso Concello. A día de hoxe eu aínda non coñezo unha soa proposta que ti realizaras nalgunha comisión ou algunha proposta que presentaras o teu goberno, se tes a ben, algún día por favor, que se traia a dar conta.

As miñas preguntas: de resposta oral, a Alcaldesa de Mugardos, María del Pilar Díaz Otero, acerca de que: Cal é a situación da cesión do vial de Piñabeta? E ó Presidente da comisión de Obras e delegado de persoal e servizos, José Angel Martínez Bardanca: Firmou xa algunha factura vinculada a servizos que vulneren a normativa referente a contratos menores, tal e como a Intervención municipal indica nos seus reparos repetidos e sucesivos, así como nos informes da Conta Xeral do ano 2017? De resposta escrita, las eh... presento as mesmas preguntas que no pleno anterior que é: As dúas a Alcaldesa de Mugardos, María del Pilar Díaz Otero sobre cal é o motivo polo cal non se sacan a concurso os contratos menores que están vulnerando a lei de contratación de Servizos e Subministracións, segundo se reflexa no informe da Conta Xeral do ano 2018? E que a vista dos requirimentos da Xunta de elaboración do Plan Económico Financeiro por saltarse o teito de gasto en máis de 607.000 €, de non haber presentado os acordos de non dispoñibilidade de crédito e con cales non se poderá realizar a maior parte do gasto que está realizando. Cal é o motivo de que non se realizaran os trámites que lle solicitou a Xunta desde xuño e que é consecuencia do incumprimento da lei de estabilidade orzamentaria?

Sra. Alcaldesa: (que traducido di) Vale, vou empezar pola primeira, eh...non hai ningunha modificación en canto á situación da cesión do vial de Piñabeta.

Sr. Mahia Prados: Si, eh... existiría a posibilidade, por comentarios de varios veciños afectados da zona, eh... hai servizos básicos: luz, auga, que afectan a ese núcleo, eh.. rogaría se poidese ser na vindeira comisión de urbanismo, se hai algunha forma de desatascar este asunto, por favor, pois rogaría debaterse na comisión, que se falara máis a fondo de como mellorar ese problema.

Sra. Alcaldesa: Levaremos o expediente.

Sr. Mahia Prados: Vale, perfecto, grazas.

Sra. Alcaldesa: Á primeira comisión de Urbanismo. José Angel...

Sr. Martínez Bardanca: (que traducido di) Bueno, en primeiro dicir que eu non, non acusei a ninguén de que o GES fixeran un, puxen de manifesto que non eran uns irresponsables por deixar de facer un traballo, non acusei a...., bueno e se o fixen pido desculpas, no..., en contestación a pregunta eu, bueno, os provedores do Concello eu entendo que terán que, que cobrar, evidentemente sei que hai un reparo coas facturas, entendo que os, os provedores que deben de seguir cobrando, porque senón paralizaríase, non farían os traballos, e paralizaríase.

Sr. Mahia Prados: Seguinte pregunta, eh... totalmente de acordo en que se paralizarían os traballos, etc., pero hai unha normativa que cumprir, e a resposta é moi sinxela, un si ou un non, con iso... Vale, firmou vostede xa algunha factura?

Sr. Martínez Bardanca: Si

Sra. Alcaldesa: Levántase o pleno. Moitas grazas.

E sendo as vinte horas e dez minutos do día ó comezo sinalado, pola Sra. Alcaldesa-Presidenta levántase a sesión, de todo o cal eu, como Secretario, dou fe.

Vº e praxe
A ALCALDESA